

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7468** *Lei 13/2014, do 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

O Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, creou o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores como instrumento de xestión deste mecanismo extraordinario de financiamento das administracións territoriais. Desde a súa creación, a través das súas tres fases sucesivas articuladas mediante o Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais; o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores; o Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, e o Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, o Fondo mobilizou máis de 41.000 millóns de euros e contribuíu de maneira significativa a inxectar liquidez a empresas e autónomos, á redución da morosidade das administracións públicas, ao sostemento dos servizos públicos fundamentais xestionados por comunidades autónomas e entidades locais e, a través dos plans de axuste asociados ao mecanismo, á mellora da situación financeira e orzamentaria das administracións adheridas a el.

O citado Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, configurou o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores como unha entidade de dereito público e dotouno de personalidade xurídica propia e de capacidade para actuar como instrumento específico de emisión e captación de financiamento nos mercados financeiros, bancarios e de capitais.

Mediante esta lei modifícase o citado réxime xurídico do Fondo para adaptalo á nova situación, pois en febreiro de 2014 quedou completada a última fase do mecanismo e xa non se prevé a activación de novas fases, reforzando con iso a natureza extraordinaria das adoptadas ata o momento. A axilidade na adaptación das estruturas administrativas ás novas necesidades de xestión responde a un esforzo de avaliación permanente delas orientado á optimización da xestión de recursos públicos que permite a redución de custos, a ganancia de eficiencia nos procedementos de xestión e a mellora dos marcos de goberno que articulan as políticas públicas.

O proceso de transformación artículase mediante a extinción do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores e a asunción das débedas financeiras do extinto fondo que, conforme o artigo 4 do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, gozan fronte a terceiros da garantía explícita, irrevogable, incondicional e directa do Estado, mediante

a Administración xeral do Estado, con integración da súa xestión, así como a da tesouraría resultante, na estratexia e procedementos xerais do Tesouro público.

Os activos do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, constituídos esencialmente polos dereitos de crédito do Fondo fronte a entidades locais e comunidades autónomas, asúmeos, así mesmo, a Administración xeral do Estado e intégranse, como achega patrimonial non pecuniaria, nun fondo carente de personalidade xurídica do artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que se denominará Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 e que estará adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A este último corresponderán por sucesión universal os restantes dereitos e obrigas derivadas do fondo extinto, así como a relevante consideración de mecanismo extraordinario de financiamento para os plenos efectos do disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. O novo fondo carente de personalidade xurídica queda adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a súa xestión integrarase nos procedementos xerais deste en materia de relacións financeiras coas administracións territoriais.

Os capítulos I e II regulan o obxecto desta lei e a creación e réxime xurídico do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.

A constitución do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 non require achega pecuniaria, dotarase inicialmente mediante unha achega non pecuniaria consistente no conxunto patrimonial formado pola titularidade dos dereitos de crédito fronte a comunidades autónomas e entidades locais de que dispón o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores no momento da súa extinción e en cuxa posición xurídica se subroga. Os ditos activos xeran fluxos de efectivo polos cobramentos de xuros e reembolsos dos préstamos outorgados para atender os seus gastos operativos e de xestión. Os rendementos que xere o Fondo, unha vez deducidos os gastos de xestión, ingresaranse anualmente no Tesouro público.

O capítulo III regula o proceso de extinción e liquidación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores mediante a asunción pola Administración xeral do Estado do seu patrimonio e asignando a responsabilidade da xestión dos seus principais bloques patrimoniais aos órganos da Administración xeral do Estado competentes na materia para a súa integración nos seus respectivos procedementos xerais de xestión.

O capítulo IV regula as características dos dereitos de crédito das operacións, mantendo as retencións dos sistemas de financiamento das comunidades autónomas e das entidades locais como garantía para o Fondo nos mesmos termos que o extinto Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

Por último, a lei contén unha disposición adicional, unha derogatoria, cinco derradeiras e dous anexos.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta lei é extinguir e liquidar o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, crear para o efecto o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2, sen personalidade xurídica, e definir o seu réxime xurídico como novo instrumento de xestión dos dereitos de crédito do fondo que se extingue.

## CAPÍTULO II

### **Creación e réxime xurídico do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2**

*Artigo 2. Creación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.*

1. Créase o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 como fondo carente de personalidade xurídica dos previstos no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, coa finalidade de xestionar os dereitos de crédito e as obrigas, distintas das referidas nos números 2 e 3 do artigo 9 desta lei, do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores que se extingue. Como sucesor universal do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 ten a consideración de mecanismo adicional de financiamento dos referidos na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que lle será de aplicación.

2. O Fondo estará adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, a quen, sen prexuízo do establecido nos artigos 5 e 9, corresponderá o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigas do Fondo.

*Artigo 3. Recursos económicos do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.*

1. O Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 dótase inicialmente mediante unha achega non pecuniaria consistente nun conxunto patrimonial formado pola titularidade dos dereitos de crédito fronte a comunidades autónomas e entidades locais de que dispón o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores no momento da súa extinción e en cuxa posición xurídica se subroga o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 para todos os efectos. Os dereitos de crédito así integrados farano ao valor contable que tivesen na entidade achegante no momento de efectuar a achega.

2. Os dereitos de crédito que se integren no activo do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 estarán estruturados en tres compartimentos referidos, respectivamente, a entidades locais, comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico e as comunidades autónomas non adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico.

Os dereitos de crédito do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 correspondentes ao compartimento de comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico poderán ser integrados no activo do Fondo de Liquidez Autonómico mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

3. Os rendementos de calquera natureza que xere o Fondo, unha vez deducidos os gastos de xestión, ingresaranse anualmente no Tesouro público.

4. A Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio determinará o importe máximo dos gastos de xestión en que poderá incurrir o Fondo, no cal se incluírán os gastos derivados das obrigas subrogadas do fondo extinto. Para estes efectos, o importe máximo de gastos de xestión en que pode incurrir no exercicio 2014 ascende a 23.710 miles de euros. Este importe poderá ser modificado por resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

*Artigo 4. Réxime económico-financeiro.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control deste fondo será o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente con cargo aos orzamentos xerais do Estado, mencionados no artigo 2.2 da dita lei.

2. A formulación, posta á disposición, aprobación e rendición de contas do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 correspóndelle á Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

*Artigo 5. Xestión do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.*

1. Correspóndelle ao Instituto de Crédito Oficial a xestión financeira do Fondo. Na súa virtude, entre outras funcións, o Instituto de Crédito Oficial xestionará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, as correspondentes pólizas de préstamo subscritas derivadas da asunción dos activos do fondo extinto coas comunidades autónomas e entidades locais, formalizará as modificacións das existentes e xestionará as pólizas modificadas, en virtude da preceptiva instrución da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Economía e Competitividade. Igualmente, prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente de pagamentos, seguimento e, en xeral, todos aqueles servizos de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2, sen prexuízo das competencias que en materia de control se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa vixente.

2. Anualmente, con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 e logo de autorización por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, compensarase o Instituto de Crédito Oficial polos custos en que incorreu no desenvolvemento e execución das súas funcións, mediante o pagamento da correspondente compensación económica.

*Artigo 6. Obrigas de información.*

1. Trimestralmente, o Instituto de Crédito Oficial deberá remitirlles á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, á Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e á Secretaría de Estado de Administracións Públicas a mesma información relativa aos importes, debidamente conciliados cos estados de tesouraría e de contabilidade do Fondo, correspondente aos xuros cobrados e devindicados e ás cotas de amortización cobradas e pendentes de cobramento, vencidas e non vencidas, así como os estados contables intermedios relativos á súa situación económica e financeira. Así mesmo, remitirase información relativa aos fluxos de efectivo previstos do Fondo para os trimestres dos exercicios corrente e seguinte.

2. Para os efectos da súa consideración no proceso de elaboración dos orzamentos xerais do Estado e do programa de endebedamento do Estado de cada ano, a información referida ao primeiro semestre será remitida antes do 1 de setembro.

*Artigo 7. Extinción do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.*

O Consello de Ministros, unha vez liquidadas as operacións de crédito coas comunidades autónomas e entidades locais, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá acordar a liquidación e extinción do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.

### CAPÍTULO III

#### **Extinción e liquidación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores**

*Artigo 8. Extinción e liquidación.*

1. Extínguese e líquidase o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

2. A liquidación terá lugar pola integración de todos os dereitos e obrigas do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores na Administración xeral do Estado a través do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2, salvo as obrigas derivadas de operacións de endebedamento e a tesouraría, que se integran directamente na Administración xeral do Estado nos termos previstos no artigo 9.

Esta integración ten lugar en unidade de acto no momento de entrada en vigor desta lei en favor da Administración xeral do Estado, que o sucede universalmente en todos os seus dereitos e obrigas.

3. Para os efectos do artigo 138.6 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o contadante do extinto Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores será a Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

#### Artigo 9. *Subrogación nas relacións xurídicas.*

1. A Administración xeral do Estado queda subrogada automaticamente en todas as relacións xurídicas que, na data de entrada en vigor desta lei, tivese o extinto Fondo de Financiamento dos Pagamentos a Provedores cos seus acredores, tanto de carácter principal como accesorias.

2. A Administración xeral do Estado asume a débeda do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores e subrógase nos dereitos e obrigas derivados das operacións de endebedamento subscritas polo extinto fondo e que se relacionan no anexo II. Esta subrogación non altera as condicións financeiras das obrigas asumidas nin poderá ser entendida como causa de resolución das relacións xurídicas.

A xestión desta débeda financeira asumida pola Administración xeral do Estado corresponderalle á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira conforme os procedementos establecidos con carácter xeral para a débeda do Estado.

O importe correspondente aos gastos financeiros e as amortizacións de principal das operacións de endebedamento financeiro subscritas polo Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores con entidades financeiras asumidas pola Administración xeral do Estado será aboado con cargo aos orzamentos xerais do Estado. En relación cos gastos financeiros, a Administración xeral do Estado asumirá a contía total dos xuros devindicados ata calquera das datas de pagamento que se produzan con posterioridade á entrada en vigor desta lei, con independencia de que parte deses xuros se puidesen devindicar con anterioridade á dita data.

As operacións de endebedamento subscritas polo Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores coa Administración xeral do Estado quedan extinguidas por confusión de debedor e acredor. Tamén quedará extinguida por confusión calquera relación xurídica recíproca existente entre a Administración xeral do Estado e o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

3. A Tesouraría do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores intégrase na Tesouraría da Administración xeral do Estado desde o momento da súa extinción. Así mesmo, a Administración xeral do Estado asume a titularidade dos valores ou instrumentos financeiros a curto prazo en que o mencionado fondo tivese aplicada a súa tesouraría sen que sexa necesario o seu desinvestimento ou amortización antes do seu vencemento. A xestión de tales instrumentos corresponderalle á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira mediante os procedementos establecidos con carácter xeral para a xestión da tesouraría da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 10. *Depositario da documentación.*

A Secretaría de Estado de Administracións Públicas será a depositaria de toda a documentación contable, mercantil e administrativa correspondente ás actividades do extinto Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

## CAPÍTULO IV

**Operacións de crédito subscritas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2**Artigo 11. *Dereitos de crédito.*

Os dereitos de crédito do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 son dereitos da Facenda pública estatal e resulta de aplicación o réxime xurídico destes conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 12. *Retención de recursos.*

1. Os recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común con operacións de endebedamento asumidas, na posición acreedora, polo Estado a través do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 responderán das obrigas derivadas daquelas mediante retención, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, sen que poida quedar afectado o cumprimento das obrigas derivadas das operacións de endebedamento con institucións financeiras multilaterais.

2. Os dereitos de crédito do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 con entidades locais estarán garantidos polas retencións da participación destas nos tributos do Estado de acordo co previsto na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e co que, de ser o caso, e en desenvolvemento daquela, dispoñan as leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional. *Aprobación do orzamento.*

Apróbanse os orzamentos do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 para o exercicio 2014, que se xuntan como anexo I.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta lei e especificamente os artigos 2 ao 6 do título I do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, e o artigo 50 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

O artigo 216.4 do texto refundido da Lei de contratos do sector público queda redactado nos seguintes termos:

«A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4 e, de demorase, deberá aboarlle ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que proceda o inicio do cómputo de prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, no

tempo e na forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou da prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación, sempre que non sexa manifestamente abusivo para o acredor no sentido do artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a devindicación de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente sen que a Administración aprobase a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Modifícase a disposición adicional quincuaxésima oitava da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, que queda redactada nos seguintes termos:

«Quincuaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao Campionato do Mundo de Ciclismo en Estrada «Ponferrada 2014»:*

Un. O Campionato do Mundo de Ciclismo en Estrada «Ponferrada 2014» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de outubro de 2012 ao 30 de setembro de 2015.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se deberán realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.*

Modifícase a Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, que queda redactada como segue:

Un. Engádesse un novo número tres ao artigo 48, coa seguinte redacción:

«O límite de endebedamento do Estado establecido conforme o disposto nos números anteriores increméntase no importe da débeda do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores asumido pola Administración xeral do Estado conforme o establecido na Lei 13/2014, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.»

Dous. Modifícase o anexo III da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, suprimindo a seguinte rúbrica:

«Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, 47.500.000,00 miles de euros.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia que a Constitución española lle atribúe ao Estado nos artigos 149.1.13.<sup>a</sup>, 149.1.14.<sup>a</sup> e 149.1.18.<sup>a</sup>

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY



## ANEXO I

## Orzamento do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2

*Orzamento de explotación: conta do resultado económico-patrimonial*

Código	Denominación	Importe (Miles de euros)
5	OUTROS GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	(23.710)
5 a)	Subministracións e servizos exteriores	(23.710)
II	RESULTADO DE OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	(23.710)
7	INGRESOS FINANCEIROS	
7 b.2)	Outros	1.164.000
III	RESULTADO DAS OPERACIÓN FINANCEIRAS	1.164.000
IV (II+ III)	RESULTADO NETO DO EXERCICIO	1.140.290

*Orzamento de capital: estado de fluxos de efectivo*

Código	Denominación	Importe (miles de euros)
I.A)	COBRAMENTOS (+)	1.164.000
I.A).2	Xuros e dividendos cobrados	1.164.000
I.B)	PAGAMENTOS (-)	(23.710)
I.B).5	Outros gastos de xestión	(23.710)
	FLUXOS NETOS DE EFECTIVO POR ACTIVIDADES DE XESTIÓN	1.140.290
II.C)	COBRAMENTOS (+)	1.235.478
II.C).1	Venda de activos financeiros	1.235.478
	FLUXOS NETOS DE EFECTIVO POR ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO	1.235.478
	Efectivo ou equivalente ao comezo do exercicio	0
	Efectivo ou equivalente ao final do exercicio	2.375.768

## ANEXO II

## Operacións de endebedamento asumidas pola Administración xeral do Estado do extinto Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores

Clase de débeda	ISIN	Importe asumido (euros)	Tipo de referencia	Primeiro único período de amortización	Último período de amortización
Préstamo do Estado ao FFPP I		11.897.810.428,06	2,64%	2015	2022
Bono FFPP I 30/11/2014	ES0302762002	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2014	
Bono FFPP I 31/05/2015	ES0302762010	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2015	
Bono FFPP I 30/11/2015	ES0302762028	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2015	
Bono FFPP I 31/05/2016	ES0302762036	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2016	
Bono FFPP I 30/11/2016	ES0302762044	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2016	
Bono FFPP I 31/05/2017	ES0302762051	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2017	

Clase de débeda	ISIN	Importe asumido (euros)	Tipo de referencia	Primeiro único período de amortización	Último período de amortización
Préstamo sindicado FFPP II		403.373.851,24	Eur 3M + 295 pb	2015	2018
Bono FFPP II 30/11/2015	ES0302762069	123.094.000,00	Eur 3M + 295 pb	2015	
Bono FFPP II 31/05/2016	ES0302762077	123.094.000,00	Eur 3M + 295 pb	2016	
Bono FFPP II 30/11/2016	ES0302762085	123.094.000,00	Eur 3M + 295 pb	2016	
Bono FFPP II 31/05/2017	ES0302762093	123.094.000,00	Eur 3M + 295 pb	2017	
Bono FFPP II 30/11/2017	ES0302762101	123.094.000,00	Eur 3M + 295 pb	2017	
Bono FFPP II 31/05/2018	ES0302762119	123.094.000,00	Eur 3M + 295 pb	2018	
Préstamo FFPP III Bankinter		912.000.000,00	2,95%	2018	
Préstamo FFPP III Sabadell		650.000.000,00	4,334%	2022	
Préstamo FFPP III Popular		3.000.000.000,00	Eur 6M + 222 pb	2020	2023
Préstamo FFPP III Colonya		4.000.000,00	2,74%	2017	
Préstamo FFPP III Cooperativo		90.000.000,00	3,172%	2018	
Préstamo FFPP III Cooperativo		560.000.000,00	3,004%	2018	
Préstamo FFPP III Sabadell		600.000.000,00	4,121%	2023	
Préstamo FFPP III Liberbank		100.000.000,00	Eur 6M + 129 pb	2017	
Préstamo FFPP III Crédit Agricole		150.000.000,00	Eur 3M + 185 pb	2017	
Préstamo FFPP III Sociéte Générale		300.000.000,00	Eur 3M + 185 pb	2017	
Préstamo FFPP III Caja España		250.000.000,00	Eur 6M + 143 pb	2017	
Préstamo FFPP III Unicaja		300.000.000,00	Eur 3M + 163 pb	2017	
Préstamo FFPP III Sabadell		750.000.000,00	3,930%	2023	
Préstamo FFPP III BBVA		900.000.000,00	Eur 3M + 187,9 pb	2020	
Préstamo FFPP III Caja Ingenieros		8.000.000,00	2,271%	2018	
Préstamo FFPP III Caja Ingenieros		8.000.000,00	2,932%	2020	
Préstamo do Estado ao FFPP		5.400.000.000,00	3,040%	2016	2023
Bono FFPP III La Caixa 31/10/2018	ES0302762127	750.000.000,00	2,450%	2018	
Bono FFPP III La Caixa 31/01/2022	ES0302762003	250.000.000,00	3,820%	2022	